

PROGRAMA DE ACTUACIÓNS MUSICAIS
A FAVOR DE GRUPOS DE MUSICA E DANZA TRADICIONAL, MASAS CORAIS, ORQUESTRAS,
CONXUNTOS E BANDAS DE MUSICA DE CARBALLO PARA O ANO 2019
(Segundo a Convocatoria aprobada pola Xunta de Goberno Local do 11/3/2019)

SOLICITUDE DA AGRUPACIÓN MUSICAL PARA ASINAR O PROGRAMA DE ACTUACIÓNS MUSICAIS

D./Dña. con NIF e enderezo a efectos de notificación teléfono e e-mail en calidade de representante da agrupación musical con domicilio social en Carballo e sen ánimo de lucro pertencente á entidade/asociación con CIF e enderezo en con e-mail

EXPOÑO

Que tendo coñecemento da Convocatoria para participar no Programa de Actuacións Musicais a favor de grupos de música e danza tradicional, masas corais, orquestras, conxuntos e bandas de música de Carballo para o ano 2019.

DECLARO

Que coñezo esta convocatoria e cumpo cos requisitos que se esixen para a adhesión da entidade que represento a este programa:

- Domicilio social en Carballo
- A entidade non persegue finalidades estritamente de lucro, ou ben se obteñan beneficios
- A porcentaxe de membros que pertencen a máis dunha agrupación dentro da mesma modalidade, deberá ser inferior ao 50%
- O mesmo compoñente non pode pertencer a máis de 2 agrupacións.

SOLICITO

A participación na citada Convocatoria da Agrupación Musical, composta por compoñentes e que se corresponde co tipo de agrupación que se indica a continuación

- Grupo de música e danza tradicional (mínimo de 12 compoñentes)
- Grupo de gaitas (mínimo de 4 compoñentes) Grupo de cantareiras (mínimo de 4 compoñentes)
- Masa Coral (entre 10 e 29 compoñentes) Masa Coral (a partir de 30 compoñentes)
- Orquestra, conxunto e banda de música (mínimo de 4 compoñentes)

De acordo co que requiren as Bases da Convocatoria, presenta a seguinte **DOCUMENTACIÓN** (é imprescindible presentala con esta solicitude):

- Declaración xurada conforme se está ao corrente das obrigas tributarias co Concello de Carballo, Axencia Tributaria e fronte á Seguridade Social (a cubrir no impreso)
- Ficha da actuación (a cubrir no impreso)
- Certificación da conta bancaria a nome da Asociación IBAN (no caso de non telo entregado con antelación)
- Declaración de compoñentes da agrupación musical ou colectivo (a cubrir no impreso)
- Consentimento do uso e difusión de datos de carácter persoal

A presentación desta solicitude implicará a autorización ao Concello de Carballo para facer as consultas a outras administracións que considere oportunas para solicitar información.

Carballo de de 2019

Asdo.:

A presentación de solicitudes para esta convocatoria implicará a autorización ao Concello de Carballo para facer as consultas a outras administracións que considere oportunas para solicitar información. - De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, o responsable de tratamento dos datos persoais é Concello de Carballo, con enderezo en Praza do Concello s/n, 15100 - Carballo (A Coruña); lopd@carballo.gal. O Delegado de Protección de Datos do Concello de Carballo é Servizo de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. co que poderá contactar en lopd@carballo.gal. Os datos serán utilizados para prestar o servizo solicitado e a xestión administrativa derivada da prestación do servizo. Os datos non se cederán a terceiros, salvo por obriga legal. Pode exercerse o dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquera momento. Para iso, o Concello de Carballo dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio destes dereitos, mediante unha solicitude propia ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a identidade. Pódese consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos solicitándoa por correo electrónico: lopd@carballo.gal.

SR. ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARBALLO

PRAZO DE ENTREGA DE SOLICITUDES ATA O 10 DE ABRIL

FICHA DA ACTUACIÓN	
Nome do grupo	
Instrumentos	
Estilo musical	(especificar: tradicional galega, polifónica ou coral, pop, rock, folk...)
Modalidade da actuación	(especificar: concerto, pasarrúas)
Repertorio	
Duración da actuación	
Equipos e Amplificación mínima que precisan para realizar a actuación	(Se o espazo no que se celebra a actuación precisa dunha amplificación específica, será responsabilidade da entidade organizadora)

DECLARACIÓN XURADA DE ESTAR AO CORRENTE DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS
<p>D./Dna. con DNI como representante da agrupación pertencente á entidade</p> <p>DECLARO Que a entidade á que represento está ao corrente das obrigas tributarias co Concello de Carballo, coa Axencia Tributaria e fronte á Seguridade Social.</p> <p style="text-align: right;">Carballo, de de 2019</p> <p style="text-align: right;">Asdo.:</p>

DECLARACIÓN DE MEMBROS DA AGRUPACIÓN ASINANTE DO PROGRAMA MUSICAL 2019
<p>D./Dna., con DNI, como representante da agrupación que solicita a participación no Programa de Actuacións Musicais 2019 e que pertence ao seguinte tipo de agrupacións (segundo a clasificación que se especifica no programa),</p> <p>DECLARO Que o número de membros desta agrupación é de e está formada polos seguintes compoñentes</p>

	NOME E APELIDOS	DNI	ENDEREZO	MENORES DE IDADE INDICAR DATA NACEMENTO
1.				
2.				
3.				
4.				

	NOME E APELIDOS	DNI	ENDEREZO	MENORES DE IDADE INDICAR DATA NACEMENTO
5.				
6.				
7.				
8.				
9.				
10				
11				
12				
13				
14				
15				
16				
17				
18				
19				
20				
21				
22				
23				
24				
25				
26				
27				
28				
29				
30				
31				
32				
33				
34				
35				
36				
37				
38				
39				
40				
41				
42				
43				
44				
45				
46				
47				
48				
49				
50				

INFORMACION XERAL

SOLICITANTES

Poderán solicitar a súa inclusión neste programa as agrupacións musicais que teñan o seu **domicilio social en Carballo** e as súas actividades **non persigan finalidades estritamente de lucro**, ou ben que se obteñen beneficios, que estes revertan en actividades culturais.

A porcentaxe de membros que pertencen a máis dunha agrupación dentro da mesma modalidade deberá ser inferior ao 50%. Un compoñente non pode pertencer a máis de dúas agrupacións. No caso de **integrantes menores de idade** deberá indicarse a data de nacemento.

Poderán solicitar actuacións das agrupacións asinantes deste programa as asociacións, comisións de festas ou outras entidades culturais e sociais sen ánimo de lucro que teñan o seu **domicilio social en Carballo** e que organicen e realicen actividades culturais que inclúan actuacións musicais.

CLASIFICACIÓN DAS AGRUPACIÓNS E IMPORTE DAS ACTUACIÓNS

O Concello clasificará ás agrupacións solicitantes en función das súas características e do número de compoñentes que as integran, de acordo coa seguinte distribución. A cada categoría corresponderalle o cachet que se determina:

- Grupos de música e danza tradicional (mínimo de 12 compoñentes) 350 €
- Grupos de gaitas ou formacións similares (mínimo de 4 compoñentes) 260 €
- Grupos de cantareiras (mínimo de 4 compoñentes) 260 €
- Masas corais (entre 10 e 29 compoñentes) 260 €
- Masas corais (a partir de 30 compoñentes) 425 €
- Orquestras, conxuntos e bandas de música (mínimo de 4 compoñentes) 350 €

Os anteriores importes terán os **impostos incluídos** (IRPF e/ou IVE, segundo proceda).

CARACTERÍSTICAS DAS ACTUACIÓNS INCLuíDAS NO PROGRAMA DE ACTUACIÓNS MUSICAIS

-Número de actuacións por agrupacións: As agrupacións musicais admitidas neste programa deberán realizar **dúas (2) actuacións** durante o período establecido no mesmo, segundo as solicitudes presentadas polas entidades culturais e nos lugares que determine o Concello de Carballo.

-Lugar de actuación: Co fin de fomentar o máximo intercambio e coñecemento das distintas agrupacións do Concello, **as actuacións realizaranse fóra da parroquia na que estean domiciliadas as agrupacións musicais e só se autorizará unha actuación do programa por cada evento**. Se as agrupacións pertencen a unha entidade entenderase como domicilio da agrupación o da dita entidade e, no caso de que o grupo non forme parte de ningunha entidade, considerarase que o domicilio do grupo é o da maioría dos membros que a integran. No caso de agrupacións musicais con sede no casco urbano de Carballo, a limitación do lugar de actuación circunscribírase ao barrio no que está domiciliada a agrupación.

-Amplificación: As agrupacións deberán aportar os instrumentos musicais que precisan, así como a amplificación mínima para realizar a actuación. Se o espazo onde se realiza require dunha amplificación especial, esta será responsabilidade da entidade organizadora da actividade.

-Duración da actuación: O tempo mínimo de duración da actuación será de 30 minutos para todas as agrupacións participantes, excepto para os grupos de gaitas, que deberán actuar durante un mínimo de 50 minutos. No caso de que o tempo de actuación tivera que ser inferior ao establecido deberá comunicárselle ao Concello de Carballo o motivo, que poderá autorizar ou non a realización da actuación.

CRITERIOS DE SELECCIÓN DAS AGRUPACIÓNS ASINANTES DO PROGRAMA

Co obxecto de cumprir coa finalidade deste programa e para garantir o correcto funcionamento do mesmo, se o número de solicitudes de agrupacións musicais que queren participar no programa supera o presuposto dispoñible, a Concellaría de Cultura poderá priorizar as solicitudes e seleccionalas atendendo ás necesidades ou demandas previsibles de actuacións e á distribución equitativa entre as distintas modalidades de grupos, para o que se valorará que as agrupacións musicais pertencen a entidades culturais e a participación activa das agrupacións nos programas de actividades das entidades, asimismo, que as agrupacións teñan como mínimo o 50% dos membros empadroados no Concello de Carballo e a antigüidade, traxectoria e currículo do grupo e/ou dos seus compoñentes.

AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS DO PROGRAMA DE ACTUACIÓNS MUSICAIS

Unha vez presentada a solicitude da actuación (cun **mínimo de 15 días hábiles e antes do 30 de setembro**) e antes da realización da mesma, a **Concellaría de Cultura deberá autorizar a súa realización**, que estará condicionada ao cumprimento das cláusulas establecidas neste programa, así como a criterios de distribución territorial entre entidades solicitantes das actuacións e ao interese cultural e social da actividade para a que se solicita a actuación. Excepcionalmente, e previa solicitude por escrito, e ante motivos de interese xeral, a Concellaría de Cultura poderá autorizar a realización de máis dunha actuación por evento e/ou día, ou na mesma parroquia á que pertence a agrupación musical ou na mesma parroquia que en anos anteriores. O prazo de autorización de actuación será de dez (10) días despois da presentación da solicitude da actuación, as agrupacións musicais deberán consultar á Concellaría de Cultura se teñen a autorización para realizar a actuación.

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA

Unha vez realizada cada actuación, a efectos de que o Concello de Carballo aboe á agrupación musical o importe das actuacións realizadas, as agrupacións asinantes do programa deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello de Carballo a seguinte documentación:

- **Certificado da actuación** expedido pola entidade solicitante, e coa conformidade da agrupación musical, segundo modelo proporcionado polo Concello.
 - **Factura da agrupación musical** emitida pola persoa xurídica á que pertence ou pola persoa física que a represente, a nome do Concello de Carballo polo importe correspondente á actuación realizada, segundo o tipo de agrupación e os importes previstos na Base 2 deste Programa.
- A factura presentarase co **detalle dos impostos que sexan de aplicación en cada caso** (IRPF e/ou IVE)
- **Certificado bancario** que acredite a titularidade da conta e o IBAN da mesma (*se non foi entregado coa solicitude de adhesión ao Programa*)
 - **Autorización** para que o Concello de Carballo poida obter a certificación acreditativa de que a entidade está ao corrente nas súas obrigas coa Axencia Tributaria, ou presentación do certificado da Axencia Tributaria.
 - O Concello comprobará de oficio que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Carballo.

PRAZOS DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA

- No prazo **dun (1) mes despois da realización da actuación**.
- Se a actuación se realizara despois do 16 de outubro, o certificado de actuación deberá presentarse de forma inmediata e, en todo caso, **ata o 15 de novembro**.

CONSENTIMENTO DO USO E DIFUSIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS

PROGRAMA DE ACTUACIÓNS MUSICAIS A FAVOR DE GRUPOS DE MÚSICA E DANZA TRADICIONAL, MASAS CORAIS, ORQUESTRAS, CONXUNTOS E BANDAS DE MÚSICA DE CARBALLO

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é o Concello de Carballo, con dirección en Praza do Concello, s/n 15100 Carballo (A Coruña); lopd@carballo.gal.

1.- DPO. O Delegado de Protección de Datos do Concello de Carballo é Servizos de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. co que poderá contactar en lopd@carballo.gal.

2.- FINALIDADE DO TRATAMENTO. Os datos serán utilizados para facerlle participe no *Programa de Actuacións Musicais a favor de Grupos de Música e Danza Tradicional, Masas Corais, Orquestras, Conxuntos e Bandas de Música de Carballo*, así como para levar a cabo a xestión administrativa derivada de dita participación.

O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de participar no programa descrito e organizado polo Concello de Carballo.

USO DE IMAXES E DIFUSIÓN DE DATOS PERSOAIS. Con fins meramente culturais e co obxecto de promocionar aos participantes no programa organizado polo Concello e favorecer a súa contratación por parte de terceiros, gustaríanos que nos autorizase para publicar as súas imaxes (fotografía e vídeo) tomadas durante as súas actuacións así como os datos do seu grupo, representante e teléfono de contacto nas nosas Redes Sociais e/ou páxina web <http://carballo.gal>. Por favor, marque a casa que se axuste aos permisos que quere darnos:

- Si, dou o meu consentimento para que se publiquen as miñas imaxes e os datos do meu grupo, representante e teléfono de contacto a través das redes sociais/web
- Non dou o meu consentimento para que se publiquen as miñas imaxes e os datos do meu grupo, representante e teléfono de contacto a través das redes sociais/web

BOLETÍN INFORMATIVO. Coa finalidade de favorecer a participación nas actividades organizadas polo Concello, gustaríanos que nos autorizase para incorporar os seus datos a unha base de datos de participantes co obxecto de enviarlle información sobre este programa no futuro ou sobre outras actividades similares.

Por favor, marque a casa que se axuste aos consentimentos que quere darnos:

- Si, dou o meu consentimento para que me sexa enviada información sobre o programa ou sobre outras actividades similares no futuro.
- Non dou o meu consentimento para que me sexa enviada información sobre o programa ou sobre outras actividades similares no futuro.

PRAZO DE CONSERVACIÓN. Os datos facilitados conservaranse mentres non se solicite a supresión dos mesmos e, en calquera caso, durante o tempo necesario para dar cumprimento ás obrigas administrativas.

3.- LEXITIMACIÓN. Este tratamento de datos persoais está lexitimado en base á súa participación no programa descrito ou concurso.

Para o uso de fotografías/vídeos e difusión dos datos do seu grupo, representante e teléfono de contacto, a lexitimación baséase no seu consentimento. Por eso non poderemos utilizar os seus datos persoais con esos fins salvo que vostede marque a casa na que nos outorga o seu consentimento.

4.- DESTINATARIOS DE CESIÓNS. O Concello de Carballo non cederá os seus datos de carácter persoal a terceiras empresas.

5.- DEREITOS. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos.

O Concello de Carballo dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, nas nosas instalacións ou por correo electrónico en lopd@carballo.gal, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

Ado. _____